



IG239 - OBRADOIROS DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (2024)

Concurrenza competitiva

SUBVENCIÓN MÁXIMA:
75.000 € por entidade beneficiaria

**Orzamento
650.000 €**



Prazo de presentación:

Desde o 2 de xaneiro ata o 2 de febreiro de
2024 ás 14.00 horas



»» QUEN PODE SOLICITALA?



Entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia: **asociacións empresariais, fundacións empresariais ou universidade-empresa, clústeres empresariais ou hubs de innovación dixital ao abeiro da Estratexia galega de HID.**



Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica domiciliados en Galicia.

»» OS OBRADOIROS, EN QUE CONSISTEN?

Son espazos de encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración.



Temáticas: dixitalización empresarial ou transformación dixital, sustentabilidade, economía circular, redución de pegadas de carbono ou hidrías, biodiversidade, etc...



Os obradoiros tamén buscan **mellorar a función loxística nas empresas**, coa vontade de avanzar nunha loxística sustentable.



Estes espazos de encontro son eminentemente **presenciais**, aínda que poden complementarse con outras actividades non presenciais.



En cada obradoiro **deben participar persoas dun mínimo de 6 empresas distintas**, tendo en conta o total das sesións celebradas.



IG239 - OBRADOIROS DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (2024)

» QUE SE SUBVENCIONA?


- ✓ Colaboracións externas para a dirección e dinamización dos grupos de empresas.
- ✓ O IVE cando supoña un custo real soportado polo beneficiario.
- ✓ Gastos de persoal do organismo intermedio:
 - Ata un 10 % do orzamento total do proxecto nos gastos de coordinación e selección de participantes, se a dirección e dinamización do obradoiro se contrata a un colaborador externo.
 - Ata o 100 % do orzamento total se a dirección e dinamización dos grupos de empresas a realiza o organismo intermedio con persoal propio.



» CANDO SE PODE LEVAR A CABO O PROXECTO?

Dende a
data de presentación
da solicitude

Ata o
o remate do prazo
establecido na resolución
de concesión*



*Que non pode superar o 30 de xuño de 2025

» DETALLES DA AXUDA:

A subvención será do **100 % dos gastos subvencionables**
ata un máximo de 25.000 € por proxecto

Esta axuda é **incompatible** con calquera outra axuda ou subvención.

» CANDO SE ABOA A SUBVENCIÓN?

Unha vez que o Igape considere xustificada a realización e o pagamento do proxecto e o cumprimento das condicións.

Solicita a túa axuda en www.tramita.igape.es

- Presentarase unha solicitude por cada obradoiro.
- Cada organismo intermedio pode presentar un máximo de tres proxectos na mesma convocatoria.

MÁIS INFORMACIÓN

